



Xulio Fernández Pintos

As devesas reais en Matamá (séculos XVII – XIX)

Xuño 2015

Xulio Fernández Pintos

As Devesas Reais en Matamá (s. XVII – XIX).



As Devesas Reais en Matamá (s. XVII – XIX) is licensed under a Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 4.0 Internacional License.

Textos e imaxes fican á libre disposición dos investigadores e público en xeral sempre e cando se mencione a súa procedencia.

Xuño 2015

1. Introducción.

Fai algúns meses o veciño de Matamá Marcos Alonso Rodríguez puxo en coñecemento público o achado na zona do Maruxento dun marco cunha R grabada nunha das súas caras, o cal se correspondía coa demarcación dunha Devesa Real, das que proliferaron principalmente no século XVIII por toda a xeografía galega.

Este monumento, aínda a pesar da súa modestia, fai referencia a unha época de absoluto predominio da economía agrícola, onde as relacións sociais estaban plenamente condicionadas polas estruturas rurais de acceso á propiedade, e na que a terra non tiña un valor especulativo, se non de mercado en función da súa produtividade.

Este breve estudo pretende repasar o que foron aquelas Devesas Reais ó longo dos séculos XVII ata o finais do XIX cando desaparecen, pero enmarcadas no seu contexto agrario, económico, social e histórico.




Fig. 1.- Situación de Matamá no Val do Frago

2. O marco do Maruxento.

Este marco (Fig. 2) se encontra á beira da estrada de terra que desde o merendeiro do Maruxento se dirixe deica o O., a non máis de 140 m., concretamente no punto 42.190911, -8.743046 segundo o Google Maps ou, 521.181 - 4.671.008 se seguimos a cartografía do visor IBERPIX. Esta estrada foi construída sobre un camiño antigo, o cal ó ser rectificadado recentemente con aportación de terras, acabou ocultando a rasante orixinal, e tamén boa parte do marco.



Fig. 2.- Cara frontal do Marco do Maruxento.

No que é visíbel a día de hoxe, se trata dunha pedra fincada no chan, alongada, de 57 cms. de altura, 32 cms, de largo, e 21 cms. de grosor, apenas regularizada, e de

sección triangular. Na cara frontal presenta grabada unha R de 11 por 36 cms, profundamente insculpida con instrumento metálico acadando unha sección de 2,5 cms. de largura por 1,6 cms. de profundidade, en forma de V. En liñas xerais, a sua conservación é boa, aínda que merecía realizarse unha actuación no seu entorno máis inmediato para poñelo en valor. Creemos que o marco está *in situ* desde a sua fundación.

Non é este o único marco desta clase que coñecemos. Sabemos da existencia de varios mouxóns marcados cunha R en Comesaña e Coruxo, pero de momento este é o único exemplo deste tipo do que temos noticia en Matamá. Estivemos buscando os outros marcos que configurarían a demarcación da propiedade, pero o resultado foi negativo.

Estes marcos nos que se gravura unha R nunha das suas caras corresponden ó deslinde das devesas reais, terrenos acotados nos séculos XVII e XVIII que servían para proporcionar madeira de carballo para a construción naval militar. Nalgún sitios como na zona alta de Casás (Comesaña), ou nas proximidades de Fragoselo (Coruxo) ademáis dos marcos aínda se conserva o topónimo orixinal, é decir, A Devesa Real ou do Rei, ou tamén O Viveiro.

Para comprender exactamente a dimensión e importancia histórica destes marcos e das devesas reais que representan, debemos tomalos como testemuños dunha época xa pasada, polo que é necesario remontarse no tempo ata polo menos os mediados do século XVIII, época en que o coidado das devesas reais foran unha preocupación constante para os poderes públicos. É ademáis neste século cando xa contamos cun caudal de información axeitado para emprender o seu estudo.

3. Panorama de Matamá a mediados do século XVIII.

Deica 1753 en Matamá vivían aproximadamente 660 habitantes repartidos en 146 fogares¹, o cal supón unha densidade de poboación de 145,7 habs/qm², porcentaxe elevadísima para a época, aínda que non a máis alta do val do Fragoso. Todos estes individuos eran labregos, e aínda que hai documentados tamén un sastre, unha costureira e 6 tecedeiras, que se dedicarían basicamente a traballar o liño que tamén se cultibava, probablemente estas persoas nin siquera vivían do seu oficio.

Esta xente dependía por completo do traballo do campo, da natureza, da sua benignidade ou arbitrariedade, segundo o caso, pero tamén estaban presionados fiscalmente polas exaccións do reino, institucións, a Igrexa e outros grandes propietarios que extendían sobre eles un rosario de impostos, rendas e dereitos, nos que se drenaba unha parte da recolleita dos frutitos da terra. E por se fose pouco todo

¹ Para o cálculo da poboación usamos o coeficiente 4,52 extraído da comparación de varias parroquias colindantes

isto, coa constante ameaza dun medrío demográfico que puña en perigo o equilibrio da estrutura económica tradicional, obrigando a refinar as técnicas productivas para soste unha carga poboacional en aumento: se primeiro foi a introducción do millo a comezos do século XII, a inicios do sec. XIX serían as patacas. En liñas xerais os labregos destes séculos vivían no seo dunha difícilmente imaxinable precariedade. De todos xeitos, hoxendía se pensa que a súa situación non era moi distinta da dos campesinos peninsulares coetáneos; é máis, se supón que a fertilidade da terra e a súa sabia xestión permitiu en Galicia o espectacular incremento demográfico, o cal leva a pensar que na súa época non eran dos que peor vivían, se non probablemente todo o contrario, sen querer dicir con isto que levaban unha vida desafogada.

O sostenemento deste relativamente exitoso modelo económico descansaba sobre un difícil equilibrio entre as terras incultas e superficie cultivada. O terrádeggo se dividía entre terras de cultivo, ben de secano ben de regadío, de onde recolleitaban millo, trigo, centeo, orxo e produtos da horta. Outras terras estaban adicadas a monte como eran os montes abertos comunais, os fechados de particulares, as devesas e os terrastais, de onde se extraía a madeira, leña, e o aprovisionamento de materias (batume) para a elaboración de esterco nas cortes dos animais, e tamén a onde se levaban a pastar. Había asimesmo unha grande representación de viñedos, pois o seu produto servía tanto de consumo como para comerciar. Pero ademáis deste tipo de terras había outras adicadas á un monocultivo forestal coñecidas como devesas reais, de titularidade estatal.

Na actualidade non é doado determinar canta superficie se adicaba a cada uso para mediados do século XVIII. Certamente, no Castro de Ensenada se rexista cuantitativamente cada unha destas partidas, pero dado que, como veremos máis abaixo, hai un ocultamento da extensión parroquial dun 60 %, e os montes comunais parece que están inflados noutro 60 % adicional, as proporcións dos labradíos e viñedos non sería unha sorpresa que estivese minusvalorada nunha proporción posiblemente máis alta dese 60 %. De todos modos se consigna a existencia de 673.391,4 m² de regadíos, 315.297,4 m² de secano, 14.411,1 m² de ortas, 96.074 m² adicados a viñedos, 383.422 m² de devesas e montes particulares, e 386.916,2 m². En consecuencia, aínda que estas cifras non deben ser certas (os cultivos por defecto, e os incultos por exceso), obsérvase como o monte ocupa unha extensión de consideración, tal como xa indicábamos en párrafos anteriores.

Sobre os cultivos, se botamos man dos dereitos en especie entregados ó abade parroquial, sabemos que entre os grans o millo supuña xa daquela unha proporción do 93 % do peso total, seguido polo orxo, e despois o trigo. A modo de ilustración e para comprobar a riqueza agrícola de Matamá, os labregos entregaban anualmente ó clero, entre dezmos e dereitos de ración, 12 Tm. de millo, 579 qs. de orxo, 322 qs. de trigo, e 2.600 litros de viño. En teoría estas partidas non deberían exceder do 8-12 % da

producción anual total da parroquia, pero tamén é posible que esta información estea subestimada (fica aínda sen contrastar), e ademáis, non sempre as propiedades estaban suxeitas a estes impostos eclesiásticos.

Evidentemente, non todas as leiras das que dispuñan os labregos eran da súa titularidade, pois moitas delas estaban suxeitas ó pago de *foros* ou *censos* a outras persoas ou institucións que detentaban a súa propiedade, mentras nestes casos os labregos só contaban co seu usufructo e se comprometían contractualmente a satisfacer cunha periodicidade anual unhas cuotas en especie ou en metálico pola súa explotación. Os *foros* se acordaban por tempos moi prolongados (as vidas de 3 reis e outros 30 anos suplementarios), que ademáis se renovaban fácilmente e non supuñan o incremento do valor da pensión. Asimesmo se transimítían e repartían en herdanza, e mesmo se enaxenaban. Xornaleiros propiamente ditos, é decir, sen posesións propias ou aforadas apenas había algún individuos.

4. As categorías dos montes

Como acabamos de indicar o éxito da elevada produción agrícola galega do Antigo Réxime residía na exacta valoración do inculto, da terra deixada a monte. Estas terras podían ser comunais, estar en mans de particulares, ou ser de titularidade estatal, como eran as devesas reais.

4.1. Os montes comunais.

A orixe dos montes comunais se perde na escuridade dos tempos, pero se toman como a área de explotación complementaria das comunidades máis próximas englobadas dentro dunha parroquia. Os primeiros datos que temos sobre os montes comunais de Matamá datan de 1753 cando se elabora o chamado Catastro de Ensenada, documento de valor fiscal, con datos que hemos de tomar con precaución, pois as ocultacións e minusvaloracións son as veces moi exaxeradas e outras, aínda que verosímiles, falsas. Para entón se declaraba que a parroquia dispuña dunha superficie de monte comunal de 866 fs. de superficie, o cal equivale² a 377.316,2 m², que como veremos é unha cifra moi alta, probablemente irreal, pois fica moi lonxe das informacións que temos para o século seguinte e que examinaremos a continuación. Aínda supoñendo que no sucesivo se roturaran parcelas do comunal, cremos que a cifra de 1753 está inflada, pero permitía astutamente a ocultación de terras cultivadas, que era de onde podían saír as taxas impositivas.

Polo disfrute deste monte os veciños de Matamá pagaban foros ó Marqués de Valadares e ó Convento de Santo Domingo de Pontevedra. Sería interesante averiguar

² Na xurisdicción do Val do Frago dependente da vila de Vigo, a cal pertencía Matamá, o ferrado equivalía a 625 varas castellanas cuadradas. A vara castellana lineal mide 0,835 m. de lonxitude, polo que o ferrado, despois de feitas as pertinentes operacións, era o mesmo que 435,7 m². Polo tanto a vara de superficie equivalía segundo estas informacións a 0,697 m².

cómo estas institucións se fixeron cargo destas terras comunais, pero probablemente para entón xa viñan disfrutando deste privilexio desde había séculos.

Sobre estes montes comunais non contamos con máis información ata a segunda metade do sec. XIX, pois non consta o Real de Legos do Catastro de Ensenada correspondente a Matamá no Arquivo Histórico Provincial. Un grande menoscabo para os montes comunais de Matamá, foi precisamente o pago de foros ó mosteiro de Pontevedra, pois cando no decurso do século XIX se levaron a cabo as desamortizacións dos bens eclesiásticos e de institucións relixiosas, as parcelas que o Convento de Santo Domingo de Pontevedra tiña en Matamá pasaron a mans privadas. Así nunha relación de 1859 se dí que as dúas parcelas de monte comunal da Infesta (na Mó) ámbas as dúas de 6 fs. cada unha pasaron a mans de D. Xosé Perol de Ferrol, e a D. Xoán Vicente Tato, veciño de Madrid. É así como se perderon 12 fs. no lugar da Infesta, pero se conservaron outros 6 fs. As outras terras comunais estaban nas Pedras do Moruxento³ (26 fs.), na Xiesteira e Fonte Santa (30 fs.), e Pera María e Balsa (14 fs.). O que chama a atención deste inventario é que a superficie dos montes comunais de Matamá de mediados do século XIX era de 88 fs. (38.341,6 m²), se consideramos os 12 fs. enaxenados. Evidentemente este dato contrasta vivamente coa información suministrada en 1753 (866 fs.), tal como xa adiantamos algunhas liñas máis arriba, pero tamén con outros inventarios realizados neste mesmo século XIX.

Nunha relación de 1872 se estiman os montes comunais de Matamá en 560 fs. (243.992 m²). Así o monte da Mó tería 80 fs., o Muruxento, Xiesteira e Fonte Santa 400 fs. e a Balsa 80 fs.

Para maior abundamento, as dimensións que nos dan para os montes comunais en 1892 son o da Mó, de 1ha., 85 as., 10 cas.; Xiesteira, Muruxento e Fonte Santa, de 6 has., 17 as.; e Balsa e Devesa con 1 ha., 97 has, 23 cas., medidas que son confirmadas por outro documento de 1899. En total estas medicións de finais do século XIX marcan a superficie dos montes comunais de Matamá en 99.933 m² (229,3 fs.). Esta información está confirmada por outra descripción de 1888.

Este dato fica moi lonxe tanto dos 886 fs. mencionados no Catastro de Ensenada como dos 88 fs. de 1859. O problema é que non sabemos se estas cifras son reais ou están infladas e/ou minusvaloradas atendendo a razóns fiscais e políticas. Desde logo, en 1753 mesmo a superficie da parroquia fora infravalorada, pois se estimaba en 181.251,24 has. (4.160 fs.), cando sabemos, despois de realizar coidadosas comprobacións, que a súa superficie real era de 453.334 has, (10.404,7 fs.); e se a isto lle engadísemos unha sobrevaloración dos montes comunais, dos que de antemán se sabía que eran practicamente improductivos, se facía máis crible unha

³ Nas fontes históricas dos séculos XVIII, XIX e nas primeiras décadas do século XX a toponimia deste monte oscila entre **Muruxento** e **Moruxento**, non se topando nin un só caso de **Maruxento**, como actualmente se di. Neste estudo imos usar indiscriminadamente as tres denominacións.

baixa declaración da extensión dos predios particulares na relación das terras cultivadas, as que eran principalmente máis susceptibles de seren gravadas, e sobre as que básicamente ían dirixidos os impostos. En consecuencia a ocultación de bens á Facenda Real era espectacular.

Non tratamos agora aquí de facer unha historia evolutiva dos montes comunais, pero se damos por orientativas estas informacións, segundo parece a extensión dos montes comunais descendeu vertixinosamente en pouco tempo. Así para 1928, o monte da Mó medía 2 has., o da Balsa 6 has. o Moruxento 16 has. e a Xesteira e Fonte Santa 5 has. En total 29 has. ou o que é o mesmo, 29.000 m², ou 66,5 fs.

De todos modos, se temos que dar creto a algunha destas medicións, preferimos as de 1888 e 1892, pois son moi precisas, e parecen ser feita con rigor.

Declaración das medidas do comunal (en ferrados)	
1753	886
1859	88
1872	560
1888	229
1892	229
1928	66,5

Pero este proceso de perda do monte comunal é normal sobre todo cando nos fins do século XIX os montes pasaron a seren xestionados desde os concellos, pois se enaxenaron con frecuencia parcelas, que se ben nun primeiro momento estaban en precario, co paso do tempo se lexitimaron. Para Matamá temos inicialmente o caso do veciño Manuel Bastos Martínez, canteiro de profesión, o cal en 1884 se dirixe o consistorio municipal de Bouzas para obter unha licenza de extracción de pedra xunto ó Río Sisón no monte comunal da Balsa. En 1897 será Anxo Comesaña Alonso o que solicita a ocupación dun sobranse de vía pública, no comunal da Balsa no cal varios veciños pensaban edificar. Máis adiante, en 1929, Severo Alonso Iglesias, de 38 anos, natural de Freixeiro, xornaleiro, pero casado e residente en Matamá solicita ó axuntamento de Vigo que se lle conceda unha parcela do monte comunal da Balsa para sementar millo e plantar viñas, así como a construción dunha pequena edificación anexa relacionada coa explotación. A concesión sería sempre en usufructo e por tempo indefinido. Este último individuo cumpría todos os requisitos para percibir un lote de terreno do comunal: ser residente na parroquia e non dispor de bens propios. Foi así como acabou por desaparecer o monte comunal da Balsa.

Desde outro punto de vista, ignoramos se houbo tamén casos de ocupación ilegal, como fica documentalmente rexistado en parroquias próximas como Castrelos.



Fig. 3.- Imaxe aérea parcial de Matamá en 1946

De todos xeitos, os montes comunais desde un punto de vista histórico, non eran tan inútiles como frecuentemente se indica na documentación. Por seren comúns, e estaren sobreexplotados, estes espazos carecían xa de arboredo, medrando neles toxos, xestas e carrascos que se cachaban cada catro, cinco ou seis anos; pero ademais eran áreas onde se practicaba o pastoreo, se recollía a pouca leña que podía subsistir, se cazaba e se extraía pedra. Nas descripcións de finais do século XIX, se fai fincapé en tratárense de espazos pedregosos ocupados por monte raso e atravesados por un grande número de camiños que ían en todas direccións, e onde nacían algún regatos. Ademais dos aproveitamentos vexetais xa citados, nos montes comunais pastaban unha gran cantidade de animais. En 1876 se indica que so nos montes de Matamá pastaban 80 cabezas de gando vacuno e 410 de gando lanar. Por unha descripción de 1892 sabemos que os montes comunais de Matamá estaban practicamente ermos, sen arboredo, e os cales mesmo producían unha cantidade insignificante de carrasco, que non se consideraba de ningún valor, toda vez que o vecindario anos atrás se desfizera masivamente do seu gando lanar, polo que como moito esta produción era aproveitada por algunhas familias desfavorecidas, pero en pequenas cantidades.

Tamén os particulares podían acotar espazos somente en usufructo, alí onde era máis favorable, para coseitar cereais a base de estivadas ocasionais, e silvicultura de soutos para a produción de castañas, ou mesmo carballos para extraer madeira, ou para a obtención de landras. Estas enaxenacións, que en principio se facían en precario, co tempo o Estado mediante leis precisas outorgou a posibilidade de lexitimalas.

Pola súa particular evolución debemos destacar o monte comunal da Balsa hoxendía desaparecido por completo, e do que sabemos algúns dos seus lindeiros. Se extendía este monte desde o Rego do Sisón ó E., polo camiño da Balsa e fincas particulares da Carrasqueira polo N. ata a Maesa e a Devesa polo O., e polo S. con propiedades particulares cercanas ós lugares de Pereiro e Vilar. Como xá sabemos este monte foi desaparecendo paulatinamente. Por estimacións creemos que os 6.100 m² en 1859 son a medida que máis se aproxima á realidade, mentras as demais magnitudes comentadas deben ser falsas e/ou erróneas.

4.2. Os montes particulares.

En 1753 se declara que había en mans de particulares devesas e terras a monte. Evidentemente, calquera economía agrícola non se basa únicamente na sementeira de regadíos e secanos ademáis do cultivo da vide, se non tamén en dispor de espazos complementarios adicados a pastos húmidos, á recolleita de leña, e a obtención de subministro vexetal para a produción polos animais domésticos de esterco co que fertilizar as leiras.

De todos modos este tipo de terrenos deberon irse reducindo co paso do tempo, pois da documentación máis recente observamos como a totalidade do territorio está plenamente cultivada sendo moi poucos os espazos onde hai arboredo (fig. 3). Probablemente, foron conservados como montes os espazos de menor valor, sobre todo os máis próximos ós comunais, nas terras máis altas das parroquias nos lindes con Valadares e Comesaña polo S. e SO. como aínda permanecen hoxendía.

Estes montes particulares estaban moitas veces fechados con muros baixos de pedras, ou mesmo acompañados de gavías co seu murete de terra.

4.3. As Devesas Reais.

As devesas reais (*Reales Dehesas*) eran parcelas que existían en cada parroquia na que se deixaban medrar carballos, e tamén algunhas outras árbores, co obxecto de dispor de madeira para a construción naval militar. Eran de titularidade real, pero ó que parece non eran permanentes, abandonándose pasado certo tempo e xeralmente volvendo a mans dos veciños ou a propietarios particulares á vez que xurdían outras novas.



Fig. 4.- Carballeira do landral na Carneira.

As súas orixes poden remontarse á Edade Media, pero son as do século XVIII as que adquiren en Galicia un perfil particular. Perdurarán ata fins do século XIX, cando xa se chaman *Dehesas Nacionales* ou do Estado. Era normal que en cada parroquia houbo varias, chegándose a computar ata 729 nas provincias marítimas de Galicia. Esta proliferación de devesas reais está en función da política dos Borbóns do século XVIII co obxecto de dotar á Coroa cunha flota capaz de aproximarse en importancia ás de Francia e Inglaterra. Estas devesas surtirían a construción naval militar dos asteiros do Ferrol, que gaña moito pulo no decurso deste século XVIII.

As ordes relativas á formación e xestión das devesas reais partía do Intendente Xeral da Mariña, residente no Ferrol, con xurisdicción en todos os montes da costa de

Galicia, o cal, como xa se indicou, chegou a ter baixo control 729 devesas. Este persoeiro delegaba a función da vixilancia das devesas nas Xustizas Ordinarias locais, que no caso de Matamá, correspondía ó *alcalde* de Vigo, xustiza ordinaria da vila e da súa xurisdicción que se extendía a todo o Val do Fragoso. E estes descargaban o seu control directo en veciños de cada parroquia, convertidos en mordomos das respectivas devesas. Os mordomos eran as persoas que servían como intermediarios entre a veciñanza e as autoridades, e ós cales nalgunha ocasión se lles ameaza con facelos responsables coas súas persoas e bens do cumprimento das ordes dictadas.

As devesas reais estaban perfectamente delimitadas, sinaladas con marcos como o que agora nos ocupa, e nelas medraban lentamente os carballos, estando literalmente prohibido calquera tipo de aproveitamento no seu interior sen a necesaria autorización administrativa. Designadas polo Intendente Xeral da Mariña do Ferrol, ademáis de madeira destinada á construción naval, tamén se autorizara nalgunha ocasión a corta de árbores para a construción de edificios como igrexas, ou como o Convento de Santa Marta da cidade de Vigo, onde en 1814 se sacan da devesa do Moruxento 16 carballos con este obxecto. De todos modos, na respectiva autorización tamén se indica que non se usen os mellores exemplares. Outro uso das devesas reais era a recollida de leña para suministro das tropas (*para os ranchos*, tal como se indica nalgunha ocasión), como sucede en 1800 e 1801 de onde se levan árbores inútiles para as tropas acantonadas en Vigo e en Tui. Para a xestión dos recursos forestais había Xuizes de Devesas que se ocupaban da vixilancia e supervisión das devesas reais, e os cales dependían do Consello de Guerra e da Xunta da Armada.

As devesas reais estaban debidamente regulamentadas, mesmo no xeito de plantar as árbores. Así nun auto de 1792 se lembra que os carballos se han de plantar a cordel ou en liña, e separados a unha distancia pertinente e constante entre eles; ademáis cada carballo plantado ha de contar cunha estaca ben fincada que lle servise de tutor, e se atará a ela por tres ou catro sitios; e ademáis, han de estar debidamente delimitadas e ailladas no seu perímetro cun valado que impida traspásalo ós animais. Os mordomos haberán de coidar de que as propiedades colindantes non lles absorban terreno, e se ameaza con castigos para aqueles veciños que se atrevan a cortar carballos no seu interior, así como os marcados en fincas particulares; e por suposto, se proíbe a recollida de follas e herbas baixas, máis ben a grama, nin tampouco o toxo con legón, pois se estima que esta capa vexetal lle serve de nutriente ós carballos.

Os veciños estaban obrigados a plantar carballos cando se lles ordenaba e a suplir os que se ían cortando. Como xa indicamos a vixilancia directa das devesas era delegada nun veciño, que se convertía en mordomo dunha determinada devesa. A elección deste individuo posiblemente se produciría do mesmo xeito que os restantes cargos populares, é dicir, a principios de ano, no adro da igrexa parroquial, a saída da misa maior, e despois do tanguido das campás, entre os veciños, varóns e cabezas de

familia, e sen presentación de candidaturas previas. A inmensa maioría das persoas non estaban interesadas en resultar elixidos, pois esta actividade non era remunerada, facía perder o tempo e descoidar a facenda propia, e creaba enemizades, ademáis de xenerar responsabilidades. Non é raro que moitas veces se votase por persoas ás que non se lles quería ben, ou mesmo a individuos craramente incapacitados, e tampouco é raro que os electos alegasen ante as autoridades xudiciais non poder desempeñar as súas función por distintas causas. En referencia a Matamá, o alcalde pedáneo en 1867 Xosé Rafael Pérez di que eran *celadores* da devesa da Barxa Xosé Antonio Pazó Fernández; do Moruxento, Xosé Comesaña Alonso; da Infesta Xosé Ramón Comesaña Ermida.

Pero ademáis destas devesas reais, a Coroa podía reservar carballos de particulares que fosen adecuados, os cales se marcaban para a súa adquisición. Como veremos máis abaixo, unha carballeira pertencente á capela da Soidade de Beirán estaba nesta situación.

A determinación das orixes das devesas reais non é doado de establecer, pero dada a súa vinculación cos comunais, xeralmente colindado e a veces dentro mesmo deles, permite pensar que eran terrenos separados do comunal por decisión da autoridade xudicial. A noticia de 1750, na cal o visitador ordea a reserva dun amplo territorio para ser acotado como devesa real, testemuña esta idea.

Noutro sentido haberemos de distinguir os termos *devesa real* de *viveiro*, tal como aparece na documentación conservada. Os viveiros eran terrenos destinados ó enraizamento dos carballos, que despois serían trasplantados na devesa real.

A existencia das devesas reais funde as súas orixes nos fins da Edade Media, pero alcanzarán un gran pulo no decurso do século XVIII, sobre todo durante o reinado de Fernando VI (1746-1759), en virtude dunha política estatal orientada á adquisición dunha Armada digna da Monarquía borbónica recentemente instaurada e que puidera competir coas de Francia e Inglaterra, as potencias europeas entón predominantes. Neste sentido é de interés mencionar en 1748 a Ordenanza para a conservación e aumento dos montes da Marina, e a Real Ordenanza para a conservación de montes e plantíos. De todos xeitos, esta actitude non era ningunha novidade en Europa, pois en Francia e en Inglaterra xa se viñan practicando políticas semellantes desde o século XVII. O encargado de poñer as cousas ó día sería Xosé Patiño y Rosales, nomeado Intendente Xeral da Marina en 1717.

A modo de balance podemos indicar que a fins de século XVIII, aínda que se construíran unha elevada cantidade de buques, aquelas potencias europeas conservaban o predominio nos mares, sobre todo a inglesa, aínda que polo menos se contaba entón cunha Armada capaz de defender as costas, tanto peninsulares como americanas, e de garantir a fluidez do comercio con América. Todo este esforzo, cos

sacrificios inherentes, se irá a pique na tarde do 21 de Outubro de 1805, cando Nelson destraga a formidable escuadra hispano-francesa en Trafalgar.

As primeiras mencións que temos a devesas reais en Matamá datan de 1629. Daquela, o Marqués do Espinar, gobernador e capitán xeral do Reino de Galicia da a orde a D. Xoán Pacheco e Zúñiga capitán da guarda para inspeccionar as devesas vellas e as novas plantacións e viveiros que os veciños da vila de Vigo e a súa xurisdicción fixeran *para a súa maxestade nos anos pasados*. O comisionado topou 3.868 carballos novos, pero a orde non se cumprira satisfactoriamente. Particularmente en Matamá contou 13 carballos cortados polo pé e non se plantaran 30 dos exixidos, polo que condena á parroquia a pagar unha sanción de 1.000 maravedís. Pero parece que pouco se aprendeu desta multa, pois na visita que fai en 1651 o Xuiz de Devesas e Plantacións da Costa da Mar do Reino de Galicia, D. Álvaro de Tejeda y Hurtado, topara en todo a xurisdicción do Fragoso 2.915 carballos o cal contrastaba co cómputo dunha visita anterior, da cal non temos noticia, no que inventariara 4.050 carballos, polo que faltaban 1.540 unidades. En Matamá había daquela nas devesas reais 230 carballos da *devesa vella*, polo que se lles ordena que planten 30 árbores máis e fagan un novo viveiro. Pero os veciños fan caso omiso a esta solicitude, non plantaron carballos novos, nin montaron o viveiro que se lles pedía, cortábanlle polas ós xa existentes, descabezaban e descortezaban os carballos, e non se repuxeran os cortados, polo que son multados con 3.000 mrs., e a obriga de que cada veciño habería de plantar 4 árbores.

A seguinte visita da que temos noticia se produciu en 1748 realizada por Dn. Francisco Manuel García y Sarmiento o cal menciona varias devesas onde había 482 carballos. En 1750 visita as devesas reais de Matamá D. Xosé Reguero y Riaño, xuíz de montes do Reino de Galicia, visitador das reais devesas, montes, baldíos, de comunidades e particulares da provincia de Tui, en virtude do mandato cursado por Dn. Bernardino Antonio Freire de Moscoso, Intendente Xeral da Marina no departamento do Ferrol. Este funcionario menciona unha devesa que se artellaba en dúas parcelas contiguas emplazadas en leves vagoadas, lindante con labradíos e monte común, a cal medía 268 por 154 varas (224 x 128,7 m.; 28.835 m²; 66,1 fs.), mentras o outro anaco medía 72 por 47 varas (60,1 x 39,2 m.; 2.361,1 m²; 5,4 fs.). A primería desta devesa estaba ocupada con 34 carballos vellos que acadaban un espesor de 13 a 18 pulgadas⁴ (entre 32 e 45 cms.), 63 medianos (en torno ós 22 cms. de diámetro), e 365 pequenos con diámetros inferiores ós 18 cms. De aqueles había dous carballos que poderían usarse como ligazóns de fragata, pois tiñan 8 codos⁵ de lonxitude (3,34 m.) e 12-13 pulgadas de espesor (aproximadamente 32 cms.). De sete carballos podían sacarse sete escoras de 8-9 codos de lonxitude e 14 pulgadas de grosor. E por último, outro carballo podería servir para un revés de fragata de ata 9 codos de longo e 11

⁴ A pulgada equivalía a 2,54 cms.

⁵ O codo castellano equivalía a 41,8 cms.

pulgadas de diámetro. Fala tamén dun viveiro vello distante desta devesa como a 3 ou 4 tiros de fusil, fechado cun muro de pedras e terra que medía 41 por 22 varas (34,2 x 18,3 m.; 628,9 m²; 1,44 fs.), situada nun terreno costaneiro e lindante con labradíos de A Lagoa e onde había 45 carballos vellos grandes e bos, e 28 medianos, que eran os mesmos rexistados na visita anterior, pero faltaban os tres castaños que se mencionaban daquela. De mesmo xeito que no anterior caso, se evalúa o seu aproveitamento para a construción naval.



Fig. 5.- O Raiña María Luisa, construído a fins do século XVIII⁶.

A outros 2 tiros de fusil, había outra devesa real, viveiro novo de 27,5 m. por 22,5 m. (618 m²; 1,41 fs.) rodeado por un muro moi precario, con moitos *carbaliños* dentro, plantados sen terse sementado landra, e situada dentro do monte comunal. Se ordena o derrame do valado e a nova construción doutro de pedra seguro e alto para impedir que os animais se introduzan dentro, así como a roza de todo o interior e a semente de landras cando sexa o seu tempo. Xunto a este había un viveiro novo poboado con 186 carballos plantados en 1749, 60 dos cales estaban secos. A carón deste viveiro había un terreno que chegaba ata casa de Xoana de Comesaña, viuva de Xoán Campelo, de moi boa calidade, e onde xa había varios carballos e castaños que

⁶ Imaxe tomada de <http://jadoncel.blogspot.com.es/2014/11/el-navio-santisima-trinidad-el-rearme.html>

eran propiedade de varios veciños, ós cales se lles ordena que retirasen esas árbores e se pase a dispor do terreno para realizar un novo plantío. Dado que para entón a parroquia contaba con 71 veciños, segundo o mordomo, ou 74 segundo o xuíz ordinario de Vigo, o cal, por outra parte é falso⁷, correspondéranlle plantar a cada un 3 carballos, polo que se esperaba houbera 213 carballos novos, topando somente 126, daquela faltando 86, que haberían de ser plantados en 1751. Ademais no plantío os veciños se conducían con despreocupación, plantando os carballos sen gardar as distancias reglamentarias, nin se lles puxo unha estaca de sostén, nin valados de espiños para que non entrase o gado, nin siquiera mouxóns. Interesante nesta visita é a información complementaria que suministra, na que indica como na parroquia non había devesas de particulares nin comunais con árbores aproveitables, e aínda que había algúns carballos dispersos de propiedade de varios veciños, estes os usan para os seus menesteres. Destes datos parece deducirse para esta época unha capa forestal moi pobre.

Por desgraza non dispomos de documentación para indicar onde se localizaban estas plantacións reais, pero probablemente se trate das mesmas que imos topar mencionadas nos anos sucesivos: na Cavada perto da Carapucha, No Maruxento, e na Balsa. As primeiras informacións datan de 1753 e proceden do xa citado Catastro de Ensenada. Se menciona unha devesa real na Balsa de 130 fs. (56.771 m²), terra de primeira calidade e que lindaba con bens de particulares. Outra estaba no sitio da Cavada de 2 fs. (873,4 m²), tamén de primeira calidade. Por último había un viveiro no sitio do Moruxento, de 1 f. (436,7 m²).

Temos información dunha visita realizada en 1785 por Dn. Félix Mariano Mateos de Rouco, Comisario da Marina na vila e provincia de Pontevedra, ministro principal dela, e como tal dos seus montes, o cal se desplaza en compañía dun carpinteiro de ribeira e do mordomo de Matamá, Ignacio Alonso, ademais doutros veciños, tal vez responsables das devesas reais, Matías Álvarez e Manuel Pérez, asistidos por peritos seleccionados pola xustiza de Vigo. Segundo parece, a devesa da Balsa medía 130 fs., e era parcialmente pedregosa, onde había 322 carballos. A devesa do Maruxento medía 300 fs. (131.010 m²), na cal se contaran 519 carballos. Na Carapucha había un viveiro vello con 19 carballos. Xunto á devesa do Maruxento había un viveiro fechado pero sen árbores. Ordea que se cave e abone de novo a terra con sucos, e se faga a sementeira da landra albar⁸ a man, durante a lúa crecente de xaneiro, e despois, así sucesivamente nos vindeiros anos. Desde logo o visitador se

⁷ Este dato, 71 ou 74 veciños, é un bo exemplo da ocultación que se producía nas declaracións oficiais, e o pouco fiables que son se se queren tomar como información para a elaboración de estatísticas. En efecto, 4 anos máis tarde se documentarán 146 veciños, como xa vimos máis atrás.

⁸ O carballo albar (*Quercus petraea*) é o máis adecuado para a construción naval, pois ademais de que os seus toros, aínda sendo menos robustos que os dos carballos autóctonos (*Quercus robur*), son máis altos e dereitos (poden chegar a medir 35 m. de altura), se desenrolan perfectamente en chans de peor calidade.

queixa de que as devesas se atopaban moi descoidadas e os veciños non cumprían satisfactoriamente coas exixencias dictadas polos funcionarios reais. Desta información contrasta a extensión acadada pola devesa do Maruxento, que pasa de 1 f. en 1753 a máis de 300 fs. en 1785. Nos preguntamos se este dato non será un erro, e en vez dos 300 fs. sexan mellor, 30 fs., pois o monte comunal do Maruxento non ten esa capacidade nin de lexos, e admitir aquela información supón concebir a ocupación de grande cantidade de monte particular, ó cal non acabamos de velo craro, pois sería algo inédito. Neste estudo imos provisoriamente considerar a cifra de 30 fs.

Cronolóxicamente a seguinte fonte de información é de 1792, segundo un auto elaborado por unha *Comisión de Arreglo de Plantíos*. Era daquela mordomo das devesas reais de Matamá o veciño Xosé Domínguez. Aquel viveiro do Maruxento se convertirá nunha devesa real de 45 fs. de superficie (19.606,5 m²) onde había 482 carballos, 54 novos e 428 de calidade aceptable. Ordenan ós veciños que durante os meses de novembro e decembro planten 18 carballos novos. Se puxeran ademáis marcos provisionais que os veciños haberían de cambiar por outros de maior envergadura onde se gravaría a letra R.

Existía tamén unha devesa antiga no lugar da Carapucha de 327 m² (0,75 fs.) onde había 7 carballos que se marcaran coa letra R para seren cortados. Este viveiro estaba situado entre terras de labor, e se decide que non se fixese nova plantación despois da corta. Esta devesa debía de ser a mesma que se menciona en 1753 co nome de Cavada, e de feito, non esquezamos que nas proximidades do actual barrio da Carapucha existe a chamada Costa da Cavada. Esta parcela foi abandonada, pasando a mans privadas, probablemente cunha venda.




Fig. 7.- Alusión á devesa real da Balsa no Catastro de Ensenada en 1753.

No lugar de Barxa aparece outra devesa real de 45,5 fs. (19.824,35 m²) onde se realizara unha nova plantación de 152 carballos e aínda había cabida para máis. De feito se ordeaba ós veciños que seguindo os marcos provisionais, nun prazo de catro meses habían de fechar con muros ou valados a devesa, acompañando esta obra dunha gavía exterior en todo o perímetro. Debemos lembrar que este terreno era un polígono de 167 x 159 x 113 x 118 m. (18.700 m²; 42,8 fs.), polo que o traballo exixido era considerable. Habían ademais de colocarse en cada esquina marcos coa letra R, e habería de plantarse con carballos o terreno restante. Para financiar este traballo se procedería á venda de carballos da devesa da Balsa da que falaremos máis abaixo.

No Muruxento anexa á devesa se conformara un viveiro que tiña só 5 carballos, os cales ían ser cortados, pero haberían de ser suplantados por outros novos, e ademais haberían de porse os típicos marcos coa letra R, e se advirte que *o cal deben proceder os naturais co maior esmero, xa que a piedade da Sua Maxestade lles indulta da anual e continua plantación das tres árbores que cada un debía pór, e non os procesa, nin castiga pola falta de cumprimento no que se lles deixou mandado na última visita*. En 1888 se menciona que esta devesa fora vendida a varios particulares.

Pero sen lugar a dúvidas, a máis importante devesa real era a da Balsa, cunha superficie de 130 fs. en 1753 (fig. 4) e onde se computaran 298 carballos. A localización exacta deste predio na actualidade non é doado, pois os datos que dispomos son insuficientes para establecer a súa situación. Outra devesa a topamos na Coutada da Capela da Soidade, en Beirán, que segundo parece estaba en mans do prebitero D. Xosé Fernández como capelán do citado santuario, e fora ocupada coa plantación de 96 carballos, que haberían de seren cortados.

Todas estas devesas reais fican reducidas a dúas en 1859: a da Barxa, de 17 fs. e poboada con carballos, e a do Muruxento, de 34 fs. con carballos novos. Lembremos que a fins do século XVIII estas devesas medían respectivamente 45, 5 e 45 fs. Recapitulando a información exposta ata agora apreciamos un incremento constante da superficie adicada a devesa real no século XVIII, pero xa a fins desta centuria se producirá un importante retroceso, que se confirmará drásticamente no século XIX, ata que acaben por desaparecer a fins desta época.

Evolución das devesas reais en Matamá

Ano	Superficie en ferrados
1750	73
1753	133
1785	161
1792	134
1859	51




Fig. 6.- O asteleiro do Ferrol en plena actividade no século XVIII.

Ese incremento da superficie adicada á produción de madeira de carballo está en relación directa coa política exterior da Coroa de Castela, pola necesidade de manter unha flota militar operativa, tanto de defensa como ofensiva, tal como xa indicamos páxinas atrás. É unha época onde a competencia polo dominio do Atlántico con Inglaterra e polo comercio con América acada a súas máis altas cotas.

Polo visto a decadencia das devesas reais xa comenzara antes de fins do século XVIII. Na visita de 1792 se comenta o abandono en que están sumidas as devesas reais. Non é de extrañar que tal cousa aconteza se se observan as prohibicións que protexen a súa existencia, e a indiferencia da veciñanza por manter un ben que directamente non lle aproveita. En 1797, pasando o Lcdo. Dn. Manuel Morales, abogado da Real Audiencia de Galicia e xuíz ordinario da Vila de Vigo e a súa xurisdicción, pola devesa de Matamá (sen máis especificacións), topa 166 carballos podres, e os demais con follas e polas secas tamén, polo que son inúteis para a construción de Reais Baixeles, polo que deben arrincarse e colocar outros. Isto mesmo acontece noutras freguesías próximas como Castrelos, Navia, Comesaña ou Oia.

A devesa do Maruxento que aínda existía en 1859, xa consta como vendida en 1888 a varios propietarios, de onde se sigue que unha vez pasado o seu uso, non sempre volvían ó comunal, ó mesmo que aconteceu coa devesa da Balsa.

Como é obvio e fica perfectamente constatado na documentación, o aproveitamento destas devesas reais debía de ser unha peza moi cobizada polo vecindario. Xa vimos que nalgúns visitas se botaban en falta árbores, ó tempo que se apreciaban derrames e desarboladuras, e ademáis, a detallada especificación do tipo de actuacións prohibidas, falan no mesmo sentido. Outro exemplo acontecería en 1862 cando se multa con 18 rs. ó veciño de Matamá, Xosé Bieito Alonso, por levar piñeiros dunha devesa real de Castrelos. De todos modos sabemos de casos en que se subastan os aproveitamentos.

5. Conclusión.

Coa proliferación das devesas reais na nosa terra e a instalación dun importante asteleiro no Ferrol, Galicia contribuíu notablemente na configuración da Armada española do século XVIII, ademáis de aportar mariñeiros e outros recursos. O que nos parece cuestionable é pensar que a riqueza forestal do país fora sacrificada en beneficio da Coroa, pois tal como se deduce da lectura das fontes documentais, os montes comunais eran pouco máis que un ermo, e os carballos e castaños que se deixaban medrar para beneficio dos seus donos, non eran moitos, e de baixa calidade. Temos a impresión de que sen a intervención do Estado, dificilmente, polo menos na Galicia costeira, as carballeiras servirían a algún proveito colectivo, nin siquiera representarían un ítem económico de moita importancia, porque dubidamos que chegaran a existir.

Páxinas atrás vimos como a mediados do século XIX o comunal de Matamá estaba inzado de gando, pero este dato non nos debe chamar a engano: probablemente foi un feito de desenrolo coxuntural sen posibilidades reais de estenderse por moito tempo, pois pronto chegaría a esgotarse, tardando moito en recuperarse. De feito, para que os animais domésticos participasen activamente na fertilidade dos chans haberían de estar estabulados, e non andar polo monte practicando un pastoreo extensivo, sen futuro a curto prazo. Mesmo a palabra *carballeira* a atribue o Pai Sarmiento precisamente ás devesas reais, o cal da pe a pensar, que fora de este ámbito, tal vez non topásemos verdadeiros bosques, polo menos na Galicia costeira. Tampouco parece ser certo que a conversión de parcelas do comunal en devesas reais dificultara a extensión dunha posible silvicultura productiva baseada en castaños, frutais e outras especies aproveitables, porque en certo modo non foi esta unha actividade de importancia. Debemos considerar ademáis que o monte comunal de Matamá, pola súa configuración física e xeolóxica difícilmente era moi aproveitable para a agricultura: era excesivamente pedregoso, e moi costaneiro para practicar estivadas. Tiña e tería mellor uso aproveitado para a extracción de pedra, pola súa abundancia, e pola proximidade ós barrios da parroquia.

Máis ben, desde un punto de vista particular e social, estas devesas reais se miraban coa indiferencia de quen non saca proveito directo da súa existencia, e non acaba de comprender o seu interese de nivel xeopolítico. Non so se prohibía realizar aproveitamentos no seu interior, se non mesmo, se contraía obrigacións colectivas de protección e incremento, sen aparente contrapartida económica. Ademáis, nunha época que toda a terra estaba vinculada directamente á agricultura, a existencia destes terrenos ociosos, completamente forestados pero improductivos, e para maior escarnio, escamoteados do monte comunal, non debían de ser vistos con bos ollos polo vecindario. Apreciamos un indisimulado desentendemento pola súa xestión, tal como se deduce das continuas advertencias e sancións; mesmo nin os mordomos parece que se preocupasen máis alá do necesario na súa idónea preservación. Ademáis non esquezamos que a implantación e acotamento de devesas reais se facía por vontade da Autoridade Militar do Ferrol, detraendo parte do comunal, tan necesario para o mentemento do equilibrio productivo da terra. Observemos por exemplo a devesa implantada no Maruxento que se en 1753 medía 1 f., e en anos sucesivos medrou espectacularmente.

O abandono dos montes comunais debeu de ser moi apreciable xa antes de 1900, tal como se afirma nalgúns fontes documentais, cando o estado comenza a administralos. Así en 1860 o gobernador civil da provincia ordena que tanto os montes comunais como os estatais das parroquias de Matamá, Comesaña, Oia e Saiáns se proceda a súa limpeza, pois alcanzaran tal espesura que eran moi apropiados para escondérense ladróns, ademáis de servir de refuxio para animais moi dañinos, e tamén porque chegando o verán, constitúen un excelente combustible para os incendios.

Deste abandono pode estar dando fe tamén a noticia aparecida na prensa a mediados de 1905 sobre dúas femias de xabarán que vivían na zona do Monte do Alba e coas súas cinco crías baixaban e destragaban os campos de millo da Mó, Carneira e Beirán, ademáis de causar medo na xente. Había mulleres que se negaban a sair da casa por medo. Os veciños saíran na súa percura mesmo con escopetas pero non deran con eles, polo que se cursou unha autorización administrativa para organizar unha cacería coa cantidade de veciños que fose necesario⁹.

6. Referencias

6.1. Fontes documentais.

- Arquivo da Diputación Provincial.- 1087/1, 1081/3, 1086/3.
- Arquivo Municipal de Vigo.- Caixas BOU-24, PATR-18.
- Arquivo Provincial de Pontevedra.- Catastro de Ensenada.
- Diario de Pontevedra, nº. 3.390 (10/08/1905).

6.2. Bibliografía.

- AGUIRE, S. (1793): *Prontuario alfabético, y cronológico por orden de materias de las instrucciones, ordenanzas, reglamentos, pragmáticas, y demás reales resoluciones no recopiladas, expedidas hasta el año 1792 inclusive, que han de observarse para la administración de justicia y gobierno de los pueblos del Reyno*. Madrid.
- ALFONSO MOLA, M. (1998): "El telar de Penélope". *La Aventura de la Historia*, nº. 84.
- ARTIAGA REGO, A. (190): "Montes públicos y desamortización en Galicia". *Agricultura y Sociedad*, nº. 57.
- BUGARÍN GONZÁLEZ, C. (S/F): "Las llamadas 'legitimaciones' del monte comunal. Viabilidad de su reivindicación por la comunidad de montes propietaria". *El entorno jurídico de las comunidades de montes vecinales en mano común*. (<http://cristinabugarin.blogspot.com.es/2015/01/las-llamadas-legitimaciones-de-monte.html>).
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1970): *Siempre de negro: Galicia en la Contrarreforma; el reinado de Felipe II*.
- GRANADOS LOUREDA, J. A. (2005): "El arsenal y astillero de Ferrol en el siglo XVIII: de A Graña a Trafalgar." *Actas del International Congress: Technology of the ships of Trafalgar*.
- LLORCA FREIRE, G. (1974): *Voz Ferrol* en Gran Enciclopedia Gallega.
- MARTÍNEZ GONZÁLEZ, A. J. (2013): "Bosques y política naval atlántica: las reformas normativa e institucionales de José Patiño (1717-1736)." *Revista Hispanoamericana*, nº. 3.
- PÉREZ GARCÍA, J. M. (1991): "La agricultura en el Antiguo Régimen". Cap. 30 de la *Historia de Galicia*.

⁹ El Diario de Pontevedra : Periódico liberal: Num. 3930 (10/08/1905)

- PEZZI CRISTÓBAL, P. (2001): "Proteger para producir. La política forestal de los Borbones españoles". *Baetica. Estudios de Arte, Geografía e Historia*, nº. 23.
- SARMIENTO, M. (1695-1772): *Obra de 660 pliegos: De Historia Natural y de todo género de erudición*, vo.I IV. Santiago de Compostela.
- VICETTO, B. (1873): *Historia de Galicia*, t. VII. Edición de 1979.

El Sombaduna, sesenta. Ducasentos qua-

renta y dos. Primera, quatrocientos Noventa

El Segunda, ochocientos, y Diez. El

Tercera, Ciento ochenta y ocho Sombaduna y

El Cuarta, Cincuenta y ocho. El quinto

seisenta. El Segunda y Setenta y

tercera. Cuarenta y dos. El Cintas quatro

primera. Diez y ocho. El Segunda, y diez. El

tercera. Ducasentos quarenta y seis. Seis y

El Setenta, Ducasentos y quince. Primera

y treinta y uno de segunda. El Mil quin-

taes. El Montes, seiscientos treinta y siete

seis y dos. El particulares, Ciento setenta

y ocho. El primera. Ciento ochenta y